

O pleno da Mancomunidad de Municipios do Val Miñor, composta por Baiona, Gondomar e Nigrán acordou onte solicitar á Consellería de Política Territorial a revisión do plan sectorial Vigo Integra, de gran repercusión na comarca, sobre todo, na vila condal, onde está prevista a construción dunha vía de alta capacidade a Tomiño e unha circunvalación entre Gondomar e Vilaza, que fragmentará varias parroquias. Por iso, a Mancomunidad quixo mostrar a súa solidariedade con este municipio.

Índa que durante o debate suscitouse a posibilidade de pedir a anulación total do proxecto viario, finalmente foi aprobada por todos os grupos unha proposta de Jesús Vázquez Almuiña, presidente do organismo supramunicipal, para solicitar á conselleira, María José Caride, unha reunión na que interveñan técnicos do seu departamento e dos municipios afectados &quot;para buscar alternativas que satisfagan a todos&quot;. Nuevamente, o Val Miñor reclama que se agilicen os trámites para executar os accesos á AG-57, que permita a intercomunicación entre as tres localidades, así como liberar o peaxe da mesma.

Continúa no [Faro de Vigo](#)